



## **25N Combater a xustiza patriarcal para acabar coa violencia machista**

61 anos despois do asasinato por parte do ditador Trujillo das irmás Mirabal, desde a Marcha Mundial das Mulleres saímos ás rúas para denunciar, unha vez máis, a violencia machista que sufrimos as mulleres en todos os países do mundo.

Na Galiza constatamos nos últimos anos un incremento da toma de conciencia feminista, avances que conseguimos impulsar desde o movemento feminista organizado. Hoxe temos en marcha medidas que hai dez anos eran impensábeis, campañas asumidas e postas en marcha desde as institucións, avances en materia legislativa, mais todos estas medidas resultan insuficientes cando profundizamos e analizamos como se aplican.

Pese a contar co maior respaldo social da historia ás nosas mobilizacións, non podemos negar que por parte de determinadas institucións se pretende instrumentalizar o noso discurso e de redirixilo para que lle sexa útil.

Ante a inminente conmemoración dun novo 25 de novembro, mantémonos firmes no noso obxectivo de sinalar aos culpábeis de espallar a violencia patriarcal, sexa pola súa morneza, sexa pola súa complicidade, pasividade ou acción directa. E por centrar as críticas contra quen actúa deste xeito.

Pese aos investimentos en formación que se lle presupón á xudicatura, avogacía, fiscalía, ou corpos de seguridade, as mulleres volvemos a ser violentadas unha e outra vez após sufrir violencias. Desde o momento en que sinalamos aos nosos agresores nas denuncias de abuso e agresión sexual, cando sinalamos acoso no traballo, nas denuncias de violencia física ou psicolóxica, cuestiónase constantemente a nosa palabra, analízanse todos e cada un dos factores externos que puideron determinar esas agresións, cando non os hai, agás o patriarcado capitalista que permea todos os poderes, tamén o xudicial.

Cando por fin reunimos o valor de facer o que nos recomenda e piden en todas e cada unha das campañas contra a violencia, e saímos a denunciar todo isto, atopámonos cun sistema que dubida de nós, que nos culpabiliza polo noso xeito de responder ás agresións, por como vestimos, por como falamos, pola nosa vida sexual, polo noso comportamento afectivo, que nos obriga a demostrar como e cando nos agreden sen cuestionar nin un segundo aos nosos agresores.

As leis de igualdade e contra a violencia machista definen un marco legal de protección ás mulleres que non é efectivo. Campañas con promesas de protección, atención e axuda do aparello institucional fican baleiras de contido. Non se trata só de que se emitan sentenzas machistas; trátase de todo o proceso xudicial que lonxe de protexer ás mulleres e ás crianzas acaba por sometelas a máis violencias.

A responsabilidade de que isto remate é colectiva, comezando por todas e cada unha unha das persoas que interveñen no proceso. Cada unha destas intervencións pode xerar unha violencia ou contribuír para acabar con ela. Mais hoxe non só denunciarnos que sufrimos machismo cando denunciarnos aos nosos agresores, senón tamén cando nos vimos desprotexidas por un sistema xudicial que non afonda nas raíces do problema, que non actúa sobre as causas, nin evita que sigan ocorrendo no futuro.

Como acontece cando:

- Permite que os nosos corpos sexan gravados por terceiros sen o noso consentimento e que se sigan a empregar esas imaxes con fines sexuais, impunemente.
- Permite que as mulleres sigan a sufrir violencia obstétrica na rede pública de saúde, sen que se lle poña fin.
- Se poñen en marcha campañas de vacinación destinadas só ás mulleres e nenas cis para evitar que se contaxien de enfermidades que transmiten os homes cis.
- Permite a obxección de conciencia na sanidade pública, obrigando ás mulleres a que teñan que desprazarse mesmo fóra da Galiza a interromper o embarazo.
- Permite ás empresas que recoñezan que as mulleres sofren fendas salariais, sempre e cando estas sexan inferiores ao 25% sen que teñan que achegar ningún tipo de medidas para eliminalas.
- Permite que as traballadoras dos servizos de coidado (de crianzas, dependentes, fogar, etc.) desenvolvan a súa actividade en situacións de precariedade, profesións que polo feito de ser feminizadas, seguen a ser desvalorizadas social e economicamente, pese a resultar fundamentais para o desenvolvemento da vida das persoas.
- Permite que os centros de ensino sexan lugares hostís para as mulleres e outras persoas con identidades de xénero diferentes da cisheteronorma, no canto de afastar da carreira profesional a quen reproduza roles e condutas machistas.

**Por isto reclamamos ás institucións:**

- Esixir que os recursos postos a disposición da atención das mulleres que sofren violencia machista traballen de forma coordinada e se informe da dispoñibilidade dos mesmos a todos os axentes que interveñen. A violencia machista non sabe de horarios de oficina.

- Acompañamento profesionalizado ás vítimas da violencia machista desde o momento en que formulan a denuncia, un asesoramento que debe ser integral durante todo o proceso (desde a adopción de medidas de protección, medidas cautelares relacionadas coa garda e custodia das crianzas, separación e divorcio, disolución de gananciais) e ir acompañado da atención psicolóxica para as mulleres e crianzas.
- Formación específica de todo o persoal e axentes que atenden a mulleres que sofren violencia machista en todos os niveis da administración pública: policial, xudicial, administrativo e social.
- Dotar de persoal e medios suficientes para a atención e asesoramento de mulleres que sufran violencia e garantir que recibe formación específica en violencia machista, incluíndo a todos os organismos públicos nos que se emiten informes que afectan aos procesos de denuncia, como é o caso do IMELGA, CIM, etc.
- Esixir que o persoal que presta servizos nos Puntos de Encontro Familiar dispón de formación e experiencia no tratamento da violencia machista. Os Puntos de Encontro non deberán empregarse nos casos de que exista sospeita de violencia machista, pois a finalidade deste recurso é a normalización das relacións familiares, salvagardando a protección das crianzas e das mulleres. E deberán ser xestionados por organismos públicos.
- Os xulgados específicos de violencia machista na Galiza deberán contar con persoal suficiente para dar cobertura ás demandas.
- Solucións económicas reais para as mulleres que denuncian violencia machista que garantan a súa independencia económica.
- Velar porque se cumpra coa reforma do Código Civil que establece que no caso de que haxa en curso un proceso penal aberto contra o home por agredir á súa parella ou crianzas, ou haxa indicios de violencia, non se poderá fixar ningún réxime de visitas ou o terán que anular si xa estaba concedido.
- O réxime de custodia compartida visarase só se hai acordo entre as persoas proxenitoras, non podendo establecerse nos casos nos que haxa unha xudicialización da separación ou da garda e custodia das crianzas.
- Esixir que o acoso sexual e laboral sexa tipificado como un caso máis de violencia machista. Que as administracións leven un rexistro do número de denuncias abertas por este motivo, das sancións abertas contra as empresas que non cumpran coa lexislación en materia de acoso.
- Esixir que se remate contra a fenda salarial que padecen as mulleres. Sancionar ás empresas e administracións que permitan cobrar máis aos homes por exercer o mesmo traballo que as mulleres.

- Acometer unha reforma do sistema dirixido a revalorizar as categorías profesionais relacionadas coa actividade dos coidados de xeito que reciban un salario acorde a importancia do labor que desempeñan.
- Garantir que os servizos sociais de atención e coidado das persoas se realicen cunha xestión pública que redunde en calidade asistencial para as usuarias e en condicións de traballo dignas e revalorizadas para as traballadoras .
- Integración no réxime xeral ás traballadoras do fogar, de xeito que poidan acceder ás mesmas prestacións que o resto das persoas traballadoras.
- A atención da saúde deberá contar con perspectiva de xénero, garantindo que se realiza respectando a opinión, diversidade afectiva/sexual e decisión das mulleres, desposuíndoa de posturas paternalistas e patriarcais. Tanto os tratamentos como as intervencións relacionados coa fecundación ou embarazo (incluíndo as interrupcións deste) deberán poder realizarse en todo o territorio galego na rede pública de saúde, sen moralismos nin intervencións alleas. A decisión só lles corresponde ás mulleres.
- Os centros de ensino deben ser lugares coeducativos, onde se garanta o respecto pola diversidade afectiva, sexual e pola igualdade.

E en definitiva, as institucións deben ser a ferramenta do cambio e non o instrumento do patriarcado para seguir espallando desigualdade e violencia contra as mulleres.

Porque se é machista, non é xustiza!

Seguiremos en marcha até que todas sexamos libres!!!

Galiza, novembro de 2021.

Coordenadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres.